Circular informativa. PAU 2027

Alejandro Saavedra Nieves
Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
Facultade de Matemáticas. Universidade de Santiago de Compostela
Tfno: 881813369. Correo electrónico: alejandro.saavedra.nieves@usc.es

Estimadas compañeiras e estimados compañeiros:

Como director do Grupo de Traballo de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II recentemente nomeado, quero agradecer en primeiro lugar, a extraordinaria labor levada a cabo nos últimos anos polo meu predecesor, José María Alonso Meijide, así como agradecer ao resto dos membros do grupo o seu compromiso e a súa disposición para continuar colaborando nesta nova etapa. Quero aproveitar esta ocasión para saudarvos e dicirvos que estou á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facer.

No modelo de exame, así como nas orientacións xerais e nos criterios xerais de avaliación, dáse continuidade á proposta da PAU 2026, buscando consolidar os acordos acadados pola Comisión Estatal de Matemáticas Aplicadas II para a harmonización da PAU. Na PAU 2027 mantense, polo tanto, con carácter xeral, a estrutura e os criterios establecidos para a PAU 2026. Na páxina web da CiUG, ademais do modelo de exame, aparece información adicional en dous documentos:

- Orientacións xerais
- Criterios xerais de avaliación

No documento "Orientacións xerais" tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán. Estas orientacións son case coincidentes coas de cursos anteriores, con pequenos cambios que non supoñen ningunha modificación sobre os contidos a impartir.

No documento "Criterios xerais de avaliación", aparecen as puntuacións das catro preguntas do exame. En continuidade co modelo da PAU 2026, o exame constará dunha primeira pregunta cun exercicio do bloque de Probabilidade e Estatística, obrigatorio, de carácter máis competencial e cunha puntuación máxima de dous puntos. O segundo exercicio tamén será obrigatorio do bloque de Álxebra e cunha puntuación máxima de dous puntos. O exercicio 3 corresponde ao bloque de Análise. Este exercicio ten un carácter máis competencial e consta de dous apartados a escoller un e cunha puntuación máxima de tres puntos. O exercicio 4 ten dous apartados, un do bloque de Álxebra e outro do bloque de Estatística e Probabilidade, cada un deles con dous subapartados. O alumnado debe escoller un subapartado de cada bloque, cada un deles cunha puntuación máxima de 1,5 puntos. Deste xeito, mantense na PAU 2027 a estrutura e a distribución da puntuación establecidas na PAU 2026.

Neste senso, convén comentar co alumnado na aula os Criterios xerais de avaliación da proba. Deben ser informados de que das preguntas 3 (Análise) e 4 (Álxebra e Estatística e Probabilidade) deben elixir un único apartado na pregunta 3 e un subapartado de cada bloque na pregunta 4. No caso de resolver os dous apartados da pregunta 3 ou os dous subapartados do mesmo bloque na pregunta 4, só se avaliará o primeiro exercicio que se responda no seu caderno de exame.

Xa está publicado nesta páxina web un documento que contén diversos exercicios de carácter máis competencial de probabilidade e estatística e de análise (exercicios 1 e 3), e que pode servir de referencia e resultar de utilidade tanto para o profesorado como para o alumnado.

Por último, quixera reiterar tanto a miña dispoñibilidade coma a do resto das persoas que conforman este grupo de traballo para resolver calquera dúbida ou aclaración que vos poida xurdir.

Recibide un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, setembro 2026